

NORMAS PARA FACER USO DA DOCUMENTACIÓN DA CASA-MUSEO MANUEL MARÍA

1. O arquivo da Fundación Manuel María, na vila de Outeiro de Rei, garda a documentación xerada e recadada por Manuel María durante a súa vida tanto pola traxectoria privada como polo exercicio das súas variadas funcións e actividades, esencialmente como escritor mais tamén como axente activo cultural e social.

A finalidade da Casa-Museo Manuel María (en diante Casa-Museo) é manter o legado e a memoria de Manuel María, conservar e difundir o valor da súa vida e da súa obra sendo o lugar de referencia para o seu estudo e investigación, así como tamén para o da literatura galega do século XX, aproveitando as posibilidades que ofrece a lexislación vixente. Para tal fin a documentación do arquivo poderá consultarse dun xeito libre e gratuíto dentro das instalacións da propia Casa-Museo.

2. A documentación do Arquivo Manuel María é de libre consulta para as persoas investigadoras e aquelas outras que acrediten un interese histórico, científico ou cultural de relevancia. En todo caso a Casa-Museo resérvase o dereito de admisión.

A documentación que teña un carácter restrinxido por conter datos sensíbeis para a intimidade das persoas e que poidan afectar á intimidade da súa vida privada e familiar así como á súa propia imaxe, de acordo co recollido na Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galiza, só poderá ser consultada unha vez que teñan transcorrido 25 anos desde a data do seu falecemento, se é coñecida, ou 50 anos a partir da data dos documentos.

3. Condicións da consulta:

- A documentación será consultada no local que sexa indicado polo persoal da Casa-Museo.
- Non se permitirá a entrada de persoas investigadoras ou usuarias aos depósitos da documentación.
- Antes da consulta dos documentos a persoa interesada deberá completar o impreso de consulta que se lle dará na Fundación.
- Á sala de consulta só se poderá acceder con papel en branco e lapis ou computador portátil como material para recoller anotacións. Os bolsos, carteiras e outros aparellos, como teléfonos móbiles, cámaras fotográficas ou de vídeo, así como abrigos ou outras prendas de abrigo, deberán depositarse no lugar onde indiquen as persoas encargadas.
- Poderán consultarse un máximo de tres expedientes simultaneamente.
- Unha vez rematada a consulta a documentación será devolta á persoa encargada, que comprobará o seu estado.
- Se a persoa investigadora desexa unha copia dalgún dos documentos consultados deberá solicitalo por escrito á persoa encargada. As copias serán feitas pola Fundación. A publicación dalgún documento deberá ter permiso da Casa-Museo.

Da documentación que teña acceso restrinxido non se farán copias.

4. As persoas investigadoras estarán obrigadas a respetar o horario e as normas de funcionamento da Fundación. Tamén deberán entregar unha copia da publicación, que se basee nas pescudas feitas, que pasará a formar parte do fondo bibliográfico da Casa-Museo Manuel María.

Lexislación:

Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galiza (DOG 8-11-1995)

Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galiza (DOG 7-10-2014)

Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE 29-06-1985)

Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal (BOE 14-12-1999)